

## Ficha de Control de Obrigas / Recomendacións

Concepto		Si	Non	Observacións
OBRIGAS	1	Follas de reclamacións e cartel visible ao respecto.		
	2	<b>Conservar a documentación laboral e fiscal durante 5 anos (en caso de bases impositibles negativas conservar mentres duren +10 anos).</b>		
	3	Emitir e conservar facturas (tickets e rolos no seu caso), correspondentes a todas as operacións de venda ou prestación de servizos.		
	4	No caso de contratar empregados:		
	4.1	Dispoñer dun sistema de Prevención de Riscos Laborais e V. Saúde (2)		
	4.2	Dispoñer de botica de primeiros auxilios.		
	4.3	Para os traballadores a tempo parcial levar un control formal de presenza.		
	5	Cumprir có disposto na Lei de Protección de datos de carácter persoal.		
	6	Valorar as operacións vinculadas (entre empresa e socios ou familiares) a prezos de mercado, e documentalas cando proceda (1).		
	7	É obriga do pagador practicar retencións aos profesionais (15%) e a determinados autónomos transportistas no réxime de "módulos" (1%).		
	8	Os comercios deben ter exposto o horario de apertura.		
	9	Establecementos de hostalaría e similares:		
	9.1	Deben ter listas de prezos expostas tanto no interior como no exterior do local.		
	9.2	Deben dispoñer de follas de reclamacións específicas.		
	9.3	Deben dispoñer de libro de visitas de Turismo.		
	9.4	Carteis de limitación de venda de alcohol e tabaco a menores, así como os vendís ou facturas de compra do tabaco.		
9.5	Alta no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA).			
9.6	Informar por escrito nas cartas, menús, etc. dos ingredientes que poidan causar alerxias.			
10	Realizar inventario de existencias a fin de ano.			
11	Si vende ou sirve alimentos debe subcontratar unha empresa para a "Desratización e desinfección" periódica do local.			
12	As empresas que fagan entregas intracomunitarias de bens deben comprobar previamente á entrega, que os seus clientes europeos están de alta como operadores intracomunitarios.			
13	Está prohibido realizar pagamentos/cobros en efectivo por un importe igual ou superior a 2.500€.			
14	As empresas e particulares están obrigados a declarar os bens situados no estranxeiro que teñan un valor conxunto superior a 50.000€.			
15	Os arrendadores de vivendas e baixos de negocios deben depositar a respectiva fianza no Instituto Galego de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia), e dispoñer do Certificado de eficiencia enerxética.			
16	<b>Os empresarios autónomos poden protexer a súa vivenda fronte as débedas presentando as contas anuais no Rexistro Mercantil.</b>			
Concepto		Observacións		
RECOMENDACIÓNS	1	Analice se ten adecuadamente asegurada as súas instalacións e actividades mediante seguros de convenio, inmobles, responsabilidade civil, etc.		
	2	Se Vd. cotiza como autónomo pode voluntariamente elevar a súa cota mensual para obter diversos beneficios como por exemplo:		
	2.1	Aumentar a súa base de cotización.		
	2.2	Ter cobertura por accidentes de traballo e Prestación por cesamento na actividade (desemprego)		
	3	As empresas poden concertar para os seus traballadores cursos gratuítos de formación continua. Se os realiza, debe entregar ditas facturas á asesoría para que aplique a bonificación.		
	4	Se a súa empresa contrata ou subcontrata actividades relacionadas directamente coa súa actividade debe esixirlle o certificado de estar ao corrente coa Facenda Pública (subcontratistas).		
	5	As altas de traballadores débense comunicar ao departamento de laboral con un día de antelación e débese informar dos períodos de vacacións no mes. correspondente.		
	6	Dispoñer dun procedemento de copias de seguridade dos seus datos informáticos.		
7	Recupere o IVE das súas facturas a morosos, para isto dispón dun prazo limitado: 9 meses desde a data da factura emitida.			
8	<b>Para manterse ao día consulte con frecuencia a nosa web: <a href="http://www.interpyme.es">www.interpyme.es</a> e síganos nas redes sociais.</b>			

(1) As pequenas empresas (vendas inferiores a 10 millóns de euros) están exoneradas de documentar as operacións vinculadas cuxo importe conxunto non supere os 100.000€.

(2) As empresas de ata 10 traballadores o empresario poderá asumir persoalmente a prevención de riscos laborais, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro.

Data de control: \_\_\_ / \_\_\_ / 2017